



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



## **CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

### **CIRCULAR 74-2024.** **CONTROL FGA AL - 20/04/2024 -Tarde**

- **A todas as Delegacións da FGA**
- **A todos/as os/as asembleístas**
- **A todos os clubs galegos con licenza vixente**
- **A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente**
- **A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente**

**Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 20 de abril de 2024 en horario de tarde nas pistas de Balaidos (Vigo).**

**Art.2).- Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo.**

- Reservarase un 50% das prazas para atletas que non teñan marca, dende o 1 de abril de 2023, sendo as prazas restantes para as mellores marcas de dito período.

**Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 15 de abril.**

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas en pista dende o 1 de abril de 2023.

**Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.**

- Rematará ás 12:00 horas do mércores 17 de abril e serán remitidas a [control@atletismo.gal](mailto:control@atletismo.gal)

**Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.**

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.



**Art.6).- Horario Provisional.**

<b>CONTROL FGA - 20/04/2024 TARDE</b>		
<b>HORA</b>	<b>CARREIRAS</b>	<b>CAT/MODALIDADE</b>
<b>16:30</b>	<b>220 mv</b>	<b>Sub 14 Homes</b>
<b>16:50</b>	<b>220 mv</b>	<b>Sub 14 Mulleres</b>
<b>17:10</b>	<b>500</b>	<b>Sub 10 Homes</b>
<b>17:30</b>	<b>500</b>	<b>Sub 10 Mulleres</b>
<b>17:50</b>	<b>200</b>	<b>Abs Homes</b>
<b>18:20</b>	<b>200</b>	<b>Abs Mulleres</b>
<b>18:50</b>	<b>300</b>	<b>Sub 16 Homes</b>
<b>19:20</b>	<b>300</b>	<b>Sub 16 Mulleres</b>
<b>19:40</b>	<b>500</b>	<b>Sub 14 Homes</b>
<b>19:55</b>	<b>500</b>	<b>Sub 14 Mulleres</b>
<b>19:50</b>	<b>1500</b>	<b>Abs Homes</b>
<b>20:10</b>	<b>1500</b>	<b>Abs Mulleres</b>

**Art.7).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:**

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a [control@atletismo.gal](mailto:control@atletismo.gal) para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 6€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo [control@atletismo.gal](mailto:control@atletismo.gal)
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

**Art.8).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.**

**A Coruña, a 9 de abril de 2024**

**Yolanda González Fernández**  
**Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo**